



## DECRETO

### - PROCESO SELECTIVO. EXECUCIÓN DE SENTENZA. -

**Dependencia:** Oficina de recursos humanos  
**Asunto:** Procesos selectivos para a contratación de temporal laboral temporal  
para o programa socio-cultural e deportivo: 2015/2016: Taekwondo  
**Expte:** 2015/03ps

1. Mediante decreto da alcaldía do 22/10/15 aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para o programa socio-cultural e deportivo 2015/2016. Entre outras, a través do proceso selectivo de referencia pretendíase seleccionar a un monitor para a actividade deportiva de taekwondo.
2. D. Antonio Rebouzas García, que en sucesivas convocatorias de procesos selectivos neste Concello resultou seleccionado como monitor de taekwondo, interpuxo demanda perante a xurisdición social reclamando que se recoñecese a súa condición de traballador fixo de carácter discontínuo do Concello de Nigrán.
3. Con data 2/12/15 tivo entrada no rexistro xeral municipal a sentenza nº 721/2105 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 27/11/15 ditada no procedemento 786/2015, en cuxo fallo sinálase "Que estimando la demanda interpuesta por D. Antonio Rebouzas García, debo declarar y declaro su condición de trabajador indefinido discontínuo al servicio del Concello de Nigrán, al que condeno a estar y pasar por la anterior declaración".
4. Vista a anterior sentenza, con data 2/12/15 ditouse decreto da alcaldía acordando a suspensión cautelar do proceso selectivo dun monitor de taekwondo.

Así pois, visto o disposto no art. 17.2 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e, en definitiva, a obriga de dar cumprimento ás sentenzas xudiciais, **esta alcaldía-Presidencia RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto o proceso selectivo de contratación temporal dun monitor de Taekwondo, exclusivamente no que se refire á citada actividade.

**SEGUNDO.-** Adoptar as medidas oportunas para dar cumprimento á Sentenza nº 721/2105 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 27/11/15 ditada no procedemento 786/2015.

**TERCEIRO.-** Proceder á publicación da presente resolución, advertíndolle que contra a mesma poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

Nigrán, 20 de xaneiro de 2016

O ALCALDE

Asdo. Juan Antonio González Pérez

Disposto e asinado polo Sr. Alcalde,  
dou fe.

O SECRETARIO